



ANEXO II.- BASES ESPECÍFICAS PARA POSTOS DE TRABALLO COMO PEON DE MANTEMENTO DE EDIFICIOS E ESPAZOS PÚBLICOS (ESPECIALIDADE DE ALBANELERÍA).

1.- Relación xurídica co concello:

Personal laboral temporal, Grupo de cotización 10 e salario bruto mensual 800 € mais a parte proporcional das pagas extras. As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato. Si o posto de traballo que vai desempeñar tivese algunha especialidade retributiva polas súas especiais condicións, aplicarásese tamén a este tipo de contrato.

2.- Horario e condicións do posto de traballo:

Tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar indicaráse polo responsable do departamento de obras e servizos segundo as necesidades. De todas formas o horario podería ser a xornada partida ou de tarde, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

3.- Requisitos para participar no proceso selectivo:

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados membros da Unión Europea, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteun anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas minusválidas cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.
- d) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para



empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Estudos oficiais acreditados de albanería ou relacionados coa construción, certificado de profesionalidade ou ben experiencia laboral como albanel de tres anos, como mínimo, dentro dos últimos quince anos. Deberá estar na súa posesión, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias e deberá acreditarse mediante documento oficial expedido polo organismo competente ou calquera outra documentación oficial que acredite a experiencia (vida laboral, alta como autónomo, certificado de empresa,...). No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

4.- Requisitos específicos:

Deberá contar con carné de conducir B e vehículo propio.

5.- Baremo do concurso:

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- Experiencia laboral como albanel en concellos ou noutras administracións públicas: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 3 puntos.
- Experiencia laboral de albanel como autónomo ou nalgunha empresa privada: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 3 puntos.
- Experiencia laboral como oficial de albanería: 0,15 puntos por mes traballado ata un máximo de 4 puntos.

A experiencia profesional acreditarase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración.

b) FORMACIÓN:

- Por cursos relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

c) COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Contar co CELGA 1 ou equivalente: 0,5 puntos
- Contar co CELGA 2 ou equivalente: 1 puntos
- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 2 puntos
- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 3 puntos

De contar con varios certificados unicamente se valorará o de maior puntuación.